



## Poemas de Maria Cyranowicz

Rebeca Lema; Karolina Stępień

Maria Cyranowicz (Varsovia, 1974) é unha poeta e crítica literaria polaca, integrante da corrente literaria Neolingwizm (Neolingüismo), que propón o afastamento do texto poético clásico para reivindicar a importancia da poesía audiovisual. Estudou Filoloxía Polaca na Universidade de Varsovia, onde actualmente prepara a súa tese de doutoramento. Tamén traballa como editora da revista literaria *Wakat*, sobre a promoción das tendencias de vangarda na arte e literatura. Ten publicados diversos poemas e artigos en distintas revistas e xornais polacos coma *Studium*, *Czas Kultury*, *Fa-Art*, *Twórczość*, *Ha!art* ou *Teksty Drugie*. Ademais, é autora de cinco libros de poesía: *neutralizacje* (Frona, Varsovia, 1997), *i magii nacje* (Zielona Sowa, Cracovia, 2001), *piąty element to fikcja* (Staromiejski Dom Kultury, Varsovia, 2004), *psychodelicje* (Staromiejski Dom Kultury, Varsovia, 2006) e *denpresja* (Fundacja Modern Art Means Modern Artist Language MAMMAL, Varsovia, 2009), e coeditora das antoloxías *Gada !zabić?. Pa(n)tologia neolingwizmu*, xunto con Paweł Kozioł (Varsovia, 2005) e *Solistki. Antologia poezji kobiet* (1989-2009), xunto con Joanna Mueller e Justyna Radczyńska (Varsovia, 2009).

### *Also das Kind das Kind war*

Kiedy dziecko było dzieckiem,  
świat nie był całkiem niedobry.  
Mleko smak miało metalu i dziecko  
dmuchało zawzięcie do kubka.  
Biały garb marszczył się pod kożuchem,  
a w oczach kwitły ciemne plamki.  
Kiedy dziecko było dzieckiem,  
przeglądało się w tęczówkach łyżeczek  
i wszystko stawało na głowie.  
Dziecko jadło chleb z masłem lub płatki  
[owsiane.  
Codziennie dziecko układała  
świat z kolorowych sześcianów, bardzo  
[niestabilny.  
Wtedy każdy palec mógł się okazać  
[zawleczką,

### *Also das Kind das Kind war*

Cando o neno era neno,  
o mundo non era malo de todo.  
O leite a metal sabía e o neno  
sopráballe con cisma á cunca.  
Unha gobia branca engurrábase baixo a tona  
e nos ollos florecían manchas escuras.  
Cando o neno era neno,  
mirábase nos iris das culleriñas  
e todo quedaba patas arriba.  
O neno comía pan con manteiga ou cereais  
[de avea.  
Todos os días o neno encaixaba  
o mundo con cubos de cores, moi  
[inestable.  
Daquela, calquera dedo podía converterse  
[nunha cavilla,

każde mrugnięcie powieką *Đ* sygnałem  
 [apokalipsy,  
 kiedy dziecko było dzieckiem.  
 Dziś, kiedy dziecko jest dzieckiem,  
 umie już kontrolować zdziwienie czarnych  
 [brwi.  
 Udaje, że nie widzi, jak się z wrażenia  
 otwierają okna. Nie dostrzega szaleństwa  
 figlującego w prześwietlonych oczach. Patrzy,  
 a na dole betonowe płyty. I czysto. Jak po  
 [nikim.

**krótka kawa z niedługim papierosem  
 (w stylu baro-ko-wym)**

W rytm wyrzucanych z kuchni: pierogi,  
 [proszę! naleśniki!  
 zamawiam małą kawę ze śmietanką  
 [(kontrolowany  
 przemarsz myśli trwa). Dobijając do burty  
 białego stołu jak blat prosektorium, wylewam,  
 bo przelewa mi się, odrobinę na spodek.  
 Rozglądam się uważnie, czy ktoś nie  
 [zauważył  
 moich niezgrabnych podchodów, lecz  
 [wszyscy śpią  
 wtopieni w swoje filiżanki. Wiosłuję więc  
 [łyżeczką  
 przez brząz na samo dno, krótko mówiąc,  
 nie mówiąc do nikogo nic. Po chwili przerwa:  
 na kobietę nad miedzianą herbatą  
 (unika mego wzroku, choć nie może)  
 i papieros na przerwę, niedługi jak oddech.

calquera chiscadela de ollo, nun sinal da  
 [apocalipse,  
 cando o neno era neno.  
 Hoxe, cando o neno é neno,  
 xa sabe como manexar o asombro das cellas  
 [negras.  
 Fai coma quen que non ve, como abraiadas  
 ábreñse as ventás. Non nota a tolemia  
 brincadora nos ollos sobreexpostos. Mira  
 e abaixo están as lousas de formigón. E  
 [limpo. Coma despois de ninguén.

**un café curto cun breve cigarro  
 (ao estilo bar-ro-co)**

Ao ritmo das lanzadas da cociña: empanadillas,  
 [por favor! filloas!  
 pido un café pequeno con leite (o desfile  
 controlado de pensamentos segue). Arribando  
 [ao babor  
 dunha mesa branca coma unha padiola de  
 [disección, verto  
 –porque se me reverte– un chisco no prato.  
 Miro ao redor con coidado, se ninguén se  
 [decatou  
 do meu torpe desatino, mais todos dormen  
 fusionados coas súas cuncas. Remo entón coa  
 [culleriña  
 polo marrón cara ao mesmo fondo, en poucas  
 [palabras,  
 sen lle dicir palabra a ninguén. Tras un intre,  
 [un descanso:  
 para unha muller cun té cobreado  
 (evita a miña mirada, malia que non pode)  
 e un cigarro para o descanso, breve coma o  
 [alento.